

5 Urbanismo, obras e servizos

5.1 Resolución de expedientes de contratación

5.11 Resolución do expediente de contratación da obra “Mellora de instalacións no centro sociocultural de Ponteceso”

O secretario accidental le a proposición única que subscribiu a empresa Construcciones Esteban Seoane, S.L. (núm. de rexistro de entrada 3806, do 26.10.2009).

Os membros da Xunta de Goberno Local examinaron o expediente tramitado para contratar, por procedemento negociado, a obra “Mellora de instalacións no centro sociocultural de Ponteceso”, segundo o proxecto que redactou o enxeñeiro técnico industrial José Ignacio Fuentes Blanco. A obra ten un orzamento de 114090,81 € e o proxecto aprobouno a Xunta de Goberno Local na sesión do 15.06.2009.

O secretario accidental leu a proposición única, que cumpre cos requisitos do prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación.

Os membros da Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDAN:

1 Declarar válida a licitación e adxudicarlle provisionalmente o contrato da obra “Mellora de instalacións no centro sociocultural de Ponteceso” á empresa Construcciones Esteban Seoane, S.L., polo prezo de 114090,81 € (98354,15 € de base e 15736,66 € de IVE).

2 Notificarlle a adxudicación provisional ás empresas candidatas que non resultaron adxudicatarias e que presetaron oferta, no caso de existir.

3 Dispor o gasto correspondente con cargo á partida 2009.451.9z.622.00 do orzamento municipal.

4 Nomear como director da obra a J. Andrés Breijo Castrillón, arquitecto técnico municipal.

5 Nomear a Francisco Cobas Fernández como coordinador de seguridade e saúde, ao abeiro do que dispón o Decreto 1627/1997, do 24 de outubro.

6 Notificarlle este acordo á empresa contratista no prazo dos 10 días hábiles seguintes ao da data de publicación da adxudicación provisional no Perfil de contratante, para que presente a documentación xustificativa de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e calquera outro documento que acredite a súa aptitude para contratar, así como para que constituía a garantía definitiva por importe de 4917,70 €.

7 Publicar a adxudicación provisional do contrato no Perfil do contratante do órgano de contratación.